

Bolivia, 4 - 4ª planta
15004 A CORUÑA

Tel: + 34 981 915 970
Fax: + 34 981 915 971
www.nwauditores.com



**INFORME DEFINITIVO DE AUDITORIA DE CONTAS
ANUAIS**

**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL DE
GALICIA**

**Contas anuais do exercicio rematado ao 31 de
decembro de 2018**

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL DE GALICIA CORRESPONDENTES A 2018

I INTRODUCCIÓN

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 103 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia auditou as contas anuais da Axencia Galega da Industria Forestal (en diante a Axencia) que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2018, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

A sociedade de auditoría NW Auditores, S.L.P. en virtude do contrato suscrito coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, realizou o traballo de auditoría referido no apartado anterior. En dito traballo aplicouse por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a Norma Técnica sobre colaboración con auditores privados na realización de auditorías públicas de 11 de abril de 2007.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma elaborou o presente informe sobre a base do traballo realizado pola sociedade de auditoría NW Auditores, S.L.P..

O Director da Axencia Galega da Industria Forestal é responsable da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 4.1.6.2 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsable do control interno que considere preciso para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material.

As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas polo Director o 12 de xullo de 2019 e foron postas a disposición da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o 12 de xullo de 2019.

II OBXETIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre si as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. Ditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría implica a aplicación de procedementos para obter evidencia adecuada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para emitir a nosa opinión de auditoría favorable con excepcións.

III RESULTADOS DO TRABALLO: FUNDAMENTO DA OPINIÓN FAVORABLE CON EXCEPCIÓNS

Tal e como se indica na nota 4.7.1 da memoria adxunta, a Axencia, reflexou como parte do inmovilizado inmaterial, gastos relacionados con proxectos europeos por un importe conxunto 12.874 euros, os cales pola súa natureza deben de ser considerados como gastos correntes do exercicio, polo que, excluindo a amortización practicada, o resultado (aforro) do exercicio e o inmovilizado inmaterial encóntranse sobrevalorados en 12.670 euros.

IV OPINIÓN

Na nosa opinión, **excepto polo efecto dos feitos descritos no apartado “Resultados do traballo: Fundamento da opinión favorable con excepción”**, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Axencia Galega da Industria Forestal a 31 de decembro de 2018, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

NW Auditores, S.L.P.

José Canalejas Couceiro

23 de xullo de 2019